



BOP

JUEVES, 17 DE OCTUBRE DE 2013

Nº 238

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS – AGUAS DE GALICIA.
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Matías Agueira Oliver, con DNI 76559178K e enderezo Alemparte num. 2 - Cangas de Foz, Foz (Lugo), solicita de Augas de Galicia a autorización de obras no Concello de Viveiro. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.42462

As obras solicitadas consisten na construción dunha canalización eléctrica na zona de policía do río Landro, no lugar de Traslaveiro, parroquia de Chavin no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 30 de setembro de 2013.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias

R. 3981

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

Separata da obra de MONTERROSO.- Construcción dunha piscina climatizada e polideportivo. (EX 052 OB13AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a dez de outubro de 2013. O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4041

GOBIERNO DE ESPAÑA

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN LUGO

Anuncio

De conformidad con lo previsto en el artículo 59.5 de la Ley 30/92 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común de 26 de noviembre, (BOE 27-11-92),

modificada por la Ley 4/99 de 13 de enero, (BOE 14-01-99) –en adelante LRJAP y PAC- y para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia, se hacen públicas las resoluciones recaídas en los expedientes que se indican, acordadas por esta Subdelegación del Gobierno a los interesados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de las mismas en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

El correspondiente expediente figura a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en el Negociado de Derechos Ciudadanos y Autorizaciones Administrativas, de esta Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación el artículo 61 de la citada Ley.

Contra la presente resolución que agota la vía administrativa, cabe interponer potestativamente recurso de reposición, ante este Organismo en el plazo de un mes, a contar desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución. Para el caso de que no hiciera uso de este derecho, puede interponer en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la notificación de la presente resolución, recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo en Lugo, de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 14 y 46 de la Ley 29/98, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso – Administrativa (BOE de 14 de julio), sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente, todo ello de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 116 y 117 de la LRJAP y PAC.

Expediente	Fecha Resolución	Interesado y último domicilio	Legislación Aplicada
69/13 Lic. Armas “ E”	21/08/2013	D. JOSÉ GONZÁLEZ PÉREZ Lg/ Cereixido, nº 25 – 27329 QUIROGA	L. O. 1/92 y R.D. 137/93

Lugo, 3 de octubre de 2013.- EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, Ramón Carballo Páez

R. 3983

Anuncio

De conformidad con el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, de 26 de noviembre de 1992 (BOE de 27/11/92), modificada por la Ley 4/1999 (BOE de 14/01/92) se hacen públicas los **acuerdos de iniciación y el levantamiento de la suspensión** recaídos en los expedientes sancionadores que se indican, y acordados por esta Subdelegación del Gobierno a los interesados que a continuación se relacionan, ya que, habiéndose intentado la notificación de los mismos en el último domicilio conocido, ésta no ha podido ser practicada.

Los correspondientes expedientes figuran a disposición de los interesados para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Sección de Infracciones Administrativas, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, al considerarse de aplicación al art. 61 de la citada Ley.

Contra dichos acuerdos de iniciación podrán formular alegaciones y aportar las pruebas que estimen pertinentes en defensa de sus derechos, dentro del **plazo de quince días**, contados desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el B.O.P. de la provincia. Al propio tiempo se advierte que transcurrido dicho plazo, seguirán los expedientes su trámite ordinario pudiendo ser considerados los acuerdos de iniciación como propuestas de resolución, en el caso de que no se hayan efectuado alegaciones.

EXPEDIENTE	INFRACITOR	DIRECCION INFRACITOR	INFRACITOR_ MUNICIPIO	INFRACITOR_ PROVINCIA	FASE	LEGISLACION
879/2013	ALBERTO OTERO CRUZ	Avenida A CORUÑA - REIGOSA S/N	Friol	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 26.i)
880/2013	MARCELINO LABRADOR CABRICANO	Avenida A CORUÑA - A REIGOSA S/N	Friol	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 26.i)
883/2013	ERIC FERNAND PIPARD	Rua DOS LAGARES 73 3º 1Z	Monforte de Lemos	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
915/2013	EDI MIGUEL PAULINO CAPELLÁN	Calle MILAGROSA 9 2º	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)

922/2013	MANUEL JIMENEZ GABARRI	Ronda OUTEIRO 150 3º D	Coruña (A)	A Coruña	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
923/2013	JAMAL ABOUFARIS	Calle CURROS ENRÍQUEZ 4 3º B	Sarria	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 26.i)
925/2013	JOSÉ ANTONIO TRIGO FONTEROSA	Calle PINTOR LUIS SEOANE 11 2º	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 25.1
882/2013	FERNANDO MANUEL TOMÉ FERNÁNDEZ	Avenida CONSTITUCIÓN 29 4ºC - PORTOSÍN	Porto do Son	A Coruña	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
907/2013	MIGUEL ANGEL VALLINA GOMEZ	Calle SANTA CLARA 102	Monforte de Lemos	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
870/2013	BERNARDINO FERNÁNDEZ CASTRO	Calle CIRCUNVALACIÓN 13	Rábade	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 26.i)
891/2013	MARÍA AURORA GUTIÉRREZ BURGO	Calle MINALI 4 3º SG	Girona	Girona	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 26.i)
899/2013	FRANCISCO JAVIER VARELA RODRIGUEZ	Calle FRANCISCO MOURE 13 1º	Lugo	Lugo	Acuerdo de Iniciación	L.O. 1/1992 - 23.a)
427/2013	DAVID CASTRO OTERO	Ctra. DA VÍA 34 BAJO C	Nigrán	Pontevedra	Levantamien to suspensión	L.19/2007 - 22.2

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO.- Ramón Carballo Páez

R. 3984

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Unha vez aprobado definitivamente por resolución desta Alcaldía, ditada o día 3 de outubro de 2013, o padrón de Vados do exercicio 2013, para os efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, como da submisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio deste anuncio expónse ao público por un prazo de *quinze días hábiles*, contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación do devandito padrón e liquidacións contidas nel poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario¹ do imposto vados, correspondente ao ano 2013, en:

Localidade: Bóveda.

Oficina de recadación: Oficina municipal de recadación.

Prazo de ingreso: Do 2 de novembro ao 2 de decembro do presente ano.
Horario: de luns a venres de 10:00 a 13:00 horas.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Bóveda, 8 de outubro 2013.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López

R.3988

FRIOL

Anuncio

Neste Concello tramítase expediente de baixa por inscrición indebida no Padrón Municipal de Habitantes de:

- Dona María Domitila Carmindo coa tarxeta de residencia núm. X036575S, e último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Outeiro (O), 5, parroquia de Xiá.
- Dona Manuela da Bela da Silva co último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Outeiro (O), 5, parroquia de Xiá.
- Don Nicolau da Bela da Silva co último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Outeiro (O), 5, parroquia de Xiá.
- Don Ángel Abuín Montero co D.N.I. núm. 33.857.325-Z e último enderezo coñecido neste Concello no Barrio Tenzas (As), S/N, parroquia de Friol.
- Don Manuel Arias Méndez co D.N.I. núm. 33.324.876-S e último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Gudín de Abaixo, 8, parroquia de Roimil.
- Dona Ana Carolina Carballido Canulli co D.N.I. núm. 34.279.272-A e último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Pardellas (As), 57, parroquia de San Martiño de Condes.
- Don Santiago Carballido Canulli co D.N.I. núm. 34.279.273-G e último enderezo coñecido neste Concello no lugar de Pardellas (As), 57, parroquia de San Martiño de Condes.

Intentada a notificación da incoación do expediente, non se pode efectuar por non poderse localizar aos interesados.

En cumprimento do disposto na Resolución de 9 de abril de 1.997, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, e o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, notifícase que dispón de dez días contados a partir do seguinte ao da inserción deste edito no Boletín Oficial da Provincia, para manifestar se está de acordo ou non coa baixa e presentar os documentos e probas que estime pertinentes.

Friol, 7 de outubro de 2013.- **O ALCALDE**, José Ángel Santos Sánchez. Decreto da Alcaldía de 12-11-2012

R. 3989

LUGO

Anuncio

En relación con el recurso nº 133/2013-B en trámite en el Juzgado Contencioso-Administrativo, número 1 de Lugo, interpuesto por Don Hilario Blanco Gómez, contra el Decreto nº 13003524, de 15 de abril de 2013, por el que se acuerda aprobar las cuantías y asignaciones de los abonos del complemento de productividad del personal del Ayuntamiento de Lugo y contra el Decreto nº 13005187 de 28 de mayo de 2013, por el que se deniega el cobro del correspondiente complemento de productividad; habiéndose acordado la remisión del expediente al citado Juzgado, de conformidad con el artículo 49.1.2 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, se **emplaza a los interesados**, en especial a los que aparecen en el Decreto nº 12011096, de 18 de diciembre de 2012, para que tengan conocimiento de dicho recurso y, en su caso, puedan comparecer y personarse como demandados en autos en el plazo de NUEVE DIAS.

Lugo, 8 de octubre de 2013.- **EL ALCALDE**, José Clemente López Orozco.

R. 3990

Anuncio

Non sendo posible a práctica da notificación ao resultar as persoas interesadas descoñecidas, pola presente dáselle traslado ás persoas que a continuación se indican, da incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de habitantes:

NOME E APELIDOS	DNI
FRANCISCO R. LÓPEZ CAMPOS	33842146S
MANUEL JOSÉ FORJA ROZAS	33326983Y
MANUEL PENA LÓPEZ	33790700C
ÁNGEL JOSÉ GONZÁLEZ LÓPEZ	10576543Q
GERMÁN FERNÁNDEZ VEIGA	10488520Z
CASIANO NÚÑEZ LÓPEZ	33834827X
JOSÉ MANUEL RACAMONDE CASTRO	33312834W
LAURA PAZO FARIÑAS	44661219A
ANDREA PAZO FARIÑAS	44661211H
ANA BELÉN RODRÍGUEZ VEIGA	33338594W
ANTONIO FRAGA ROUCO	76562013G
FELIPE MOLINA SOMOZA	33317496H
JOSÉ RAMÓN CARRO SÁNCHEZ	76270511G
LISARDO S PARDO LÓPEZ	33820164K
PEDRO GABARRI MONTOYA	33310934B
YAMILI LÓPEZ LLIZO	33539153R
MARIANO JOSÉ VIÑAS CEDRÓN	33764926Y
JUAN VIÑAS ROMERO	33325522V
LUIS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ	34214686R
HAYAT TISSIR	X2496060P
JOSÉ MANUEL VALCÁRCEL FERNÁNDEZ	33351084A
ALEJANDRO SOUSA ROZAS	33349301Z
FRANCISCO PIEDRA CINTAS	33550011A
DAVID FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	40998306R
SALVADOR MONTOYA JIMÉNEZ	33843252V
MARÍA CARMEN MONTOYA MONTOYA	33317479R
JUAN CARLOS ALONSO GARCÍA	33556952K
YOUNG MOON CHOI JO	33535377C
NEMESIO TEJEIRO FERNÁNDEZ	33833318L
ANTONIO CAMPELLO LÓPEZ DE VICTORIA	33830054K
CARMEN EXPÓSITO CANDAL	76567997P
BALDOMERO ROMERO FERNÁNDEZ	14537151R
DIEGO F PAULINO DOS SANTOS VARELA	
ANTONIO NOVO BENITO	15995962Z
CAROLINE DENISE MARIDOR	X550456Y
JOSÉ ANTONIO LOURÉS MARTÍNEZ	33835121M
ANTONIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	33808545V
JUAN PABLO SARTORELLI	X7111650G
EVA MANUEL ARAÚJO LEWKOW	547543X
RTA HERMIDA DÍAZ	
ANA MARÍA ASTRAY HERNÁNDEZ	
JOSEFA DARRIBA LATAS	33839879W
JOAQUIN ENRIQUE VÁZQUEZ MENÉNDEZ	33556928C
MARÍA JESUSA RIVAS FERNÁNDEZ	33554164Q
MARIEL DE LAFORE RIVAS	
LUCÍA DE LAFORE RIVAS	
PABLO DE LAFORE RIVAS	
ARTURO CARLOS DE LAFORE	X4014712Q
MARTA INÉS ROBERTI BOURQUET	33548021Z
DAIANA MACARENA FERNÁNDEZ ROBERTI	33551295E

O texto íntegro das citadas notificacións, que conteñen datos de carácter persoal, están a disposición das persoas interesadas nas oficinas de Estatística do Concello de Lugo, onde poderán retirar unha copia autenticada.

Anuncio

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o dous de outubro de dous mil trece , adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que se proceda á apertura de convocatoria pública para participar no procedemento de autorización de uso en precario de locais da “Casa Clara Campoamor para asociacións de interese social”, de conformidade coas bases xerais establecidas no presente procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- A presente convocatoria rexerese polo establecido nas seguintes

“BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO EN PRECARIO DE LOCAIS DA CASA CLARA CAMPOAMOR PARA ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL:

BASE PRIMEIRA .- OBXECTO:

A presente convocatoria ten por obxecto facilitar ás asociacións privadas que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais dentro do termo municipal do Concello de Lugo, un espazo axeitado onde desenvolver as súas actividades e dar cumprimento ós seus fins estatutarios.

A tal efecto, o Concello de Lugo dispón da “CASA CLARA CAMPOAMOR PARA ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL” equipamento adscrito á Area de Benestar Social e Igualdade sito na rúa Infanta Elena, 11 (Parque da Milagrosa). Este equipamento conta cun total de oito locais e un ximnasio.

Coa presente convocatoria preténdese pór a disposición das asociacións privadas, que cumpran os requisitos establecidos nestas bases e resulten beneficiarias, os locais da Casa Clara Campoamor mediante a autorización de uso temporal e en precario dos locais que se asignen.

BASE SEGUNDA.- REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES:

Poderán ter dereito á cesión de uso en precario dos locais da “Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social” as asociacións privadas que cumpran **todos os seguintes requisitos no día de remate de presentación das solicitudes:**

1º) Estar legalmente constituídas e posuír personalidade xurídica propia .

2º) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas. Segundo establece o artigo 30) da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, *“non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito de que as ditas entidades perciban contraprestación das persoas usuarias, sempre e cando da análise global do seu balance económico final non se deduza a obtención de beneficio”*

3º) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións cunha antigüidade mínima de DOUS anos.

4º) Acreditar experiencia mínima de 2 anos desenvolvendo programas ou actividades de carácter social dentro do termo municipal do Concello de Lugo e que redunden en beneficio da súa cidadanía.

5º) Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de programas ou actividades de contido social e/ou que teñan como persoas destinatarias a colectivos que sexan persoas beneficiarias dos servizos sociais.

6º) Que o obxectivo da asociación sexa coincidente cos obxectivos perseguidos dende os servizos sociais municipais de xeito que complementen ou contribúan á consecución das funcións que lle son propias. Isto é , á prestación de servizos e atencións que posibiliten a mellora da calidade de vida e participación de persoas ou grupos que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva así como a prevención e eliminación das causas que a orixinan.

7º) Estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria , a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo respectivamente.

8º) Xustificar a necesidade do local por carecer dun espazo axeitado para o desenvolvemento dos seus programas ou actividades.

9º) Non ter autorizada a cesión de uso dun local de titularidade municipal.

10º) Presentar un programa de actividades de contido social que sea tecnicamente viable.

11º) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

O cumprimento dos devanditos requisitos deberá ser acreditado coa presentación da solicitude e, deberán manterse en todo caso, ó longo de todo o periodo de duración da cesión de uso dos locais municipais. O

incumprimento sobrevido de calquera destes requisitos será causa automática de extinción do dereito de uso, previamente notificado á asociación privada, fundación pública ou entidade de iniciativa social.

Terán prioridade as asociacións cuxos os seus socios/as teñan recoñecida a condición de persoas con discapacidade e as que presenten programas dirixidos a persoas enfermas de alzheimer.

Quedan excluídas da presente convocatoria as solicitudes presentadas por asociacións, fundacións ou entidades culturais, veciñais, deportivas, xuvenís e de cooperación ó desenvolvemento. Así mesmo, quedan excluídas aquelas solicitudes que non acompañen un programa de actividades de contido social.

Permítese que varias asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades de iniciativa social presenten un programa de actividades conxunto.

BASE TERCEIRA.- SOLICITUDES: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades de iniciativa social que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a solicitude en modelo normalizado (Anexo I) que deberá estar subscrita por quen teña a representación legal da entidade. As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do concello de Lugo ou ben nos lugares establecidos no art 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación, que deberá estar actualizada na data de presentación das solicitudes, agás que esta xa estivera en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan:

- a) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.
- b) Copia do Código de Identificación Fiscal da entidade.
- c) Copia dos estatutos da entidade onde conste explícitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e os seus fins institucionais.
- d) Declaración xurada acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo respectivamente. (ANEXO I).
- e) Declaración xurada expedida polo órgano representativo da entidade onde consten os seguintes datos: número de socios/as, número de persoas contratadas pola entidade, número de persoas voluntarias e/ou persoas colaboradoras, número de usuarios/as atendidos ó longo do ano 2012 segundo o ANEXO II. (no caso de entidades que desenvolvan programas noutros concellos, todos estes datos deberán referirse exclusivamente ó Concello de Lugo).
- f) Xustificación da necesidade de uso do local solicitada para o desenvolvemento do programa ou actividades presentados segundo establece o ANEXO III (apartado b).
- g) Documento acreditativo do réxime de tenencia/utilización do local onde actualmente desenvolve a súa actividade, de ser o caso.
- h) Programa de actividades que pretende desenvolver a entidade durante o periodo inicial da cesión dacordo co modelo establecido nestas bases (ANEXO III).
- i) Certificación do presidente da asociación privada acreditativa de que a maioría das persoas asociadas contan coa cualificación de persoas con discapacidade e/ou que desenvolve programas dirixidos a persoas coa enfermidade do alzheimer.

O prazo de presentación das solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES** a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A dita convocatoria publicárase así mesmo no taboleiro de edictos do concello e na páxina web.

Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle á entidade interesada para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e archivarase o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

BASE CUARTA.- PROCEDEMENTO.

1. Solicitude de informes.

Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral Municipal ou en calquera dos lugares establecidos no art 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, remitiráselle á **Oficina de Participación Cidadá** ós efectos de emitir **informe** no que se faga constar se as entidades solicitantes están inscritas no Rexistro municipal de asociacións e data de inscrición.

2. A Comisión de Avaliación: composición e funcións.

Para exercer as funcións de instrución e avaliación nomearase unha comisión que terá a seguinte composición:

-Presidente/a: O/A Concelleiro/a da área correspondente.

-Vogais:

Dous funcionarios ou persoal laboral do correspondente servizo que se designen para estes efectos.

-Secretario/a: Un dos vogais que actuará con voz e voto.

Á Comisión de Avaliación terá as seguintes funcións:

a) Informar as solicitudes presentadas comprobando que as entidades solicitantes cumpren con todos os requisitos esixidos nas presentes bases, que a documentación esixida está completa e que o programa de actividades ten un contido social e/ou está dirixido a colectivos beneficiarios dos servizos sociais.

b) Solicitar canta documentación ou informes sexan precisos para a realización das súas funcións.

c) Elaborar unha proposta avaliadora provisional non vinculante de asignación de locais.

d) Convocar a todas as entidades solicitantes que cumpran cos requisitos esixidos na convocatoria a unha reunión para a exposición do seu programa de actividades así como para a xustificación do uso solicitado. A secretaria da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación e de asignación de locais para a súa remisión ó órgano competente para resolver.

Primeiramente valoraranse as solicitudes presentadas polas asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades cuxas persoas asociadas teñan a condición de persoas con discapacidade ou que presenten un programa dirixido a persoas coa enfermidade de alzheimer as cales terán prioridade para ser beneficiarias da utilización dos locais aínda que a puntuación obtida por algunha asociación que traballe noutro eido sexa superior.

3. Resolución: órgano competente e prazo de resolución.

Será competente para resolver as solicitudes presentadas a Xunta de Goberno Local de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nº 16/388.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de **DOUS** meses a partir da finalización do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

4. Sinatura de aceptación das condicións de uso.

A resolución será notificada ás entidades solicitantes. Para o caso de que sexan adxudicatarias deberán asinar no prazo de **15 días hábiles** a contar dende a notificación da autorización un documento de aceptación de condicións que se sinalan na presente convocatoria así como outras condicións que se acorden. De non asinar en prazo o documento de aceptación ou as condicións de uso que se acorden enténdese que a asociación renuncia ó dereito de uso do local. Na data de inicio da cesión cada entidade deberá acreditar que ten concertada unha póliza de responsabilidade civil en vigor.

5. Elaboración de lista de agarda e réxime de uso de locais vacantes.

As entidades solicitantes que non resulten beneficiarias a pesar de cumprir todos os requisitos esixidos na presente convocatoria quedarán en lista de agarda por orde de puntuación para un posible uso compartido posterior ou para os supostos de renuncia ou extinción da cesión de uso por parte dunha entidade adxudicataria.

Se existen locais vacantes trala finalización da presente convocatoria, o órgano competente poderá autorizar a súa cesión de uso en precario a asociacións que cumpran os requisitos da presente convocatoria e presenten a súa solicitude por rexistro xunto con toda a documentación precisa.

BASE QUINTA.- CRITERIOS DE CONCESIÓN:

Primeiramente avalíaranse as solicitudes presentadas por asociacións que teñan entre os seus socios/as a persoas coa condición de persoa con discapacidade ou que presente un programa dirixido a persoas coa enfermidade de alzheimer. Para a adxudicación dos locais levarase a cabo unha avaliación das entidades e dos proxectos presentados dacordo cos seguintes criterios xerais e específicos:

- **Experiencia e implantación en Lugo da entidade solicitante. Puntuación máxima : 25 puntos**
 - o Anos de experiencia en Lugo 10 puntos
 - o Proxectos e actividades desenvolvidas no Concello de Lugo nos últimos dous anos 15 puntos

**Non terán a consideración de proxecto as actividades de difusión de programas e as actividades ailladas e puntuais que non requiran de programación ou a programación sexa moi sinxela.*

- **Impacto local e visibilidade da entidade solicitante. Puntuación máxima: 15 puntos.**

- o Número de socios 4 puntos
- o Número de profesionais contratados pola entidade 3 puntos
- o Número de voluntarios 3 puntos
- o Número de usuarios reais e potenciais 5 puntos

- **Calidade do programa ou proxecto. Puntuación máxima 10 puntos.**

- o Que o programa recolla unha adecuada metodoloxía e contemple os indicadores e instrumentos necesarios para levar a cabo unha adecuada e obxectiva avaliación dos resultados 2 puntos
- o Claridade e adecuada presentación do proxecto 2 puntos
- o Que se trate de proxectos viables e cunha certa continuidade no tempo 4 puntos
- o Proxecto innovador na cidade de Lugo por conter accións que non se desenvolven por ningunha administración pública nin por outra asociación 2 puntos

BASE SEXTA.-DURACIÓN DA CESIÓN:

A autorización de uso terá unha duración inicial de **UN ANO** a contar dende a aceptación das condicións de utilización por parte da entidade ou asociación beneficiaria. Este periodo inicial de cesión poderá prorrogarse ata un máximo de tres anos, sen prexuízo da facultade do concello de revisar en calquera momento as condicións da cesión e adxudicación de espazos.

As prórrogas autorizaranse de maneira automática, no seu caso, logo de revisar a “**MEMORIA ANUAL DE PROXECTO**” na cal terá que constar as actividades realizadas ó longo do ano da duración da cesión xunto co grao de consecución dos obxectivos e das actividades programadas para o seguinte ano. Esta memoria deberá ser entregada polas asociacións dentro do **último mes de cada ano de duración da cesión**. O incumprimento desta obriga conllevará a non autorización da prórroga da cesión de uso polo que a asociación ou entidade deberá abandonar o local.

Transcorridos tres anos ou antes, se concorrese circunstancia que motivase a extinción dalgunha das cesións, abrirase se procede, unha nova convocatoria.

A cesión do uso de locais é en precario, isto é, revogable en calquera momento por razóns de interese público sen dereito a indemnización.

BASE SÉTIMA.- CONDICIÓN DE USO DOS LOCAIS:

1.- NÚMERO DE LOCAIS ASIGNADOS A CADA ENTIDADE.

A regra xeral de asignación de locais dacordo co principio de optimización de recursos será a de asignar un local para cada asociación solicitante. Excepcionalmente, poderase asignar a unha entidade solicitante máis cun local cando se xustifique de forma motivada a necesidade de ocupar máis dun local para o desenvolvemento do seu programa. (Deberá xustificarse no apartado B do anexo III). En todo caso, o número máximo de locais asignados por entidade solicitante será de dous.

2.- RÉXIME DE USO: COMPARTIDO OU EXCLUSIVO.

Os locais poderán ser cedidos a unha soa entidade ou a varias, de maneira que o utilicen de forma compartida, xa sexa no mesmo ou distinto horario. A tal efecto as entidades deberán xustificar na súa solicitude a conveniencia de dispór en exclusiva do local solicitado ou, en caso contrario, a dispoñibilidade de compartir o local con outra asociación solicitante. Neste último caso as condicións para o uso compartido conveniaranse coas entidades ou asociacións afectadas no momento da avaliación das solicitudes pola Comisión de Valoración.

Nos supostos de uso compartido, as entidades deberán regular mediante o correspondente convenio asinado entre elas as condicións de reparto do espazo, quedando supeditada a cesión ó acordo entre os adxudicatarios. Neste caso, sen prexuízo de que as entidades poidan acordar outra cousa, os horarios serán os marcados polo concello no correspondente acordo de cesión, para o cal procurárase tomar en conta as preferencias e necesidades marcadas polas entidades na solicitude.

3.- MOBILIARIO.

Os locais serán equipados integramente polas asociacións e entidades beneficiarias que achegarán, unha vez adxudicados os locais, unha relación de mobiliario e equipamento informático, etc....que se vai utilizar.

Os aparellos telefónicos serán procurados polas asociacións que contan cada local de liña telefónica propia.

O mobiliario e aparellos da sala de ximnasio serán de conta do concello.

4.- GASTOS DE SUBMINISTROS E MANTEMENTO.

O concello correrá cos gastos de electricidade, auga corrente e calefacción, así como cos de mantemento e limpeza das zonas comúns. Enténdese por zona común aquela que pola súa natureza sexa susceptible de uso e aproveitamento común incluído o espazo destinado a ximnasio.

A limpeza e mantemento de cada local será responsabilidade directa dos cesionarios dos mesmos. Así mesmo correrá de conta da asociación os gastos de teléfono. Nos casos de uso compartido, nos acordos de cesión e documentos de aceptación estableceranse as fórmulas para que cada entidade aboe a parte correspondente ó seu consumo.

4.- CUSTODIA DE CHAVES.

O documento de cesión que autorice o uso das dependencias especificará a persoa que se fai responsable do uso dos locais e á que se lle entregará unha única chave da porta de acceso e outra do despacho, así como de calquera outra que lle sexa necesario utilizar. De forma excepcional e previa solicitude razoable, poderase autorizar a realización doutras copias. A última entidade en abandonar o local será a responsable do peche da porta de entrada.

5.- COORDINACIÓN DO FUNCIONAMENTO.

A coordinación do funcionamento dos locais estará a cargo das propias entidades cesionarias en base a un sistema de rotación, de maneira que cada **seis meses** cada unha das entidades realizará as ditas tarefas, seguíndose para iso a orde que ocupan os nomes das mesmas alfabeticamente.

A entidade que se ocupe da coordinación en cada momento será a encargada de relacionarse co persoal municipal responsable ós efectos de solucionar calquera problema ou cuestións que poida xurdir, así como mediar nos posibles conflitos que se poidan producir entre as asociacións.

6.- RESPONSABILIDADE POR DANOS.

As entidades que resulten adxudicatarias dos locais estarán obrigadas á conservación dilixente dos locais e dos espazos de uso común incluído o mobiliario, respondendo dos danos que poidan ocasionar os membros da asociación ou persoas usuarias ben por acción ou omisión. A entidade responsable deberá efectuar de forma inmediata e ó seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias. Esta obriga non se aplicará no suposto de que os deterioros ou danos deriven dun uso normal e sen culpa da entidade ou por acacemento dun caso fortuito.

Así mesmo, serán responsables dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e que sexan causados polos seus membros ou persoas usuarias da entidade. Cada entidade deberá xustificar no momento de iniciar a cesión de uso que ten concertada unha póliza de responsabilidade civil en vigor, para o cal deberá presentar copia da póliza e recibo de pagamento correspondente.

7.- UTILIZACIÓN DO XIMNASIO.

O ximnasio non será obxecto de utilización exclusiva polas asociacións. O réxime de utilización do ximnasio por parte das asociacións beneficiarias acordarase no momento da valoración das solicitudes fixándose un calendario para o seu coñecemento xeral. Fóra dos horarios sinalados, ou outros que se fixen posteriormente se fora necesario por necesidades do servizo, poderase utilizar por outras asociacións ou entidades que nalgún momento puntual precisen da súa utilización así como para a realización de obradoiros e actividades polos servizos municipais. Na solicitude poderase solicitar unicamente o uso do ximnasio e non solicitar uso de local se este non fora preciso.

BASE OITAVA.- OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS.-

As entidades resulten adxudicatarias do uso dun local quedarán obrigadas ó seguinte, sen prexuízo das demais obrigas establecidas nas presentes bases ou doutras que poidan impoñerse no correspondente acordo de concesión:

- a) A respetar os horarios de utilización.
- b) A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade de acordo co programa de actividades presentado ó concello coa correspondente solicitude de cesión e a respetar a finalidade e destino dos espazos comúns, así como os asignados a outras entidades.
- c) Manter unha conduta baseada no respecto mutuo en relación cos demais usuarios dos locais.
- d) Conservar os espazos asignados para uso individual ou común en óptimas condicións de orde, salubridade e hixiene.
- e) O dereito de uso do local é persoal e intransferible, polo que non poderá ser arrendado nin cedido en todo ou en parte, nin sequera a título gratuito ou accidental.

- f) As entidades comprométense a dotar os locais do equipamento necesario que lles garanta o desenvolvemento da súa actividade.
- g) Suscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil pola cobertura dos danos que poidan ocasionarse ás instalacións, elementos comúns ou a terceiros.
- h) A comunicar ó Concello de Lugo así como á entidade coordinadora en cada momento, calquera anomalía, incidencia ou problema que puidera xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- i) A devolver ó Concello os locais nas condicións en que lles foron cedidos, agás o desgaste sufridos polo uso.
- j) A permitir en todo momento ó Concello o exercicio da facultade de inspección e seguemento do cumprimento das condicións de cesión, facilitándolle, ademáis, o acceso ós diversos espazos e proporcionando a información e documentación que lle sexa requerida.

O Concello non se fai responsable dos desperfectos ou extravíos que poidan producirse no material das entidades.

BASE NOVENA.- CAUSAS DA EXTINCIÓN DA CESIÓN DO USO:

O acordo de cesión de locais poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- Finalización do período inicial concedido, das prórrogas ou, en todo caso, ós tres anos da cesión, sen prexuízo de que a entidade saínte poida participar na nova licitación que se convoque.
- Falseamento en calquera dos datos facilitados ó Concello para adquirir o dereito ó uso ou con posterioridade.
- Utilización do local para fins distintos nos establecidos no acordo de concesión.
- Disolución ou suspensión da entidade.
- Incumprimento grave das obrigas establecidas nesta convocatoria.
- Mutuo acordo entre as partes.
- Por renuncia da entidade.
- Por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos. Enténdese que non existe utilización efectiva cando nun período continuado de dous meses non se realizara no local actividade ningunha. O Concello de Lugo terá facultades de supervisión e control sobre os espazos cedidos e, previa audiencia da entidade interesada, dictará resolución extinguindo o dereito de uso sobre o local.

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión ou a autorización de uso, a entidade deberá reintegrar ó Concello de Lugo o uso do espazo no termo máximo de 15 días. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

TERCEIRO- Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo a fin de que as entidades e asociacións interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Estas tamén se inserirán no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTA.- O presente acordo pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderase interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da publicación do presente acto.

Lugo, a 8 de outubro de 2013.- O ALCALDE PD. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, Ana Mª González Abelleira

R.3992

Anuncio

Por medio do presente faise público que o Tenente de Alcalde delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá, mediante Decreto número 13006074, de 19 de xuño do presente ano, resolveu proceder á baixa no Rexistro Municipal de Asociacións das asociacións que non cumpren cos requisitos establecidos no Real decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e no Regulamento de Participación Cidadá para continuar inscritas neste rexistro, cos correspondentes efectos que esta baixa conleva, como a suspensión dos dereitos que lle outorga o artigo 14 do Regulamento de Participación Cidadá.

Estas asociacións son, entre outras, as que de seguido se relacionan:

- 1- ASOCIACIÓN DE PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO NACIONAL MIXTO "ROSALIA DE CASTRO" (G-27126234).
- 2.-ASOCIACIÓN CULTURAL "REDES ESCARLATA" (G36397875)

4.-ASOCIACIÓN BULE BULE (G-27365758)

6.-ASOCIACIÓN GALEGA PARA A COOPERACIÓN "SOLIDARIDADE INTERNACIONAL (G-36833648).

Polo que procede a comunicación ás asociacións anteriormente citadas, mediante anuncio no BOP, ao ser o seu domicilio descoñecido, a teor do establecido na Lei 30/9230/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común coa indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da xurisdición de Lugo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Malia o anterior, e con carácter previo á presente resolución poderá interpoñerse:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992 ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte da notificación do presente acto.

Sen prexuízo de se poida interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente á dereito.

